



9. METODOLOXÍA

O novo curso afróntase sen as características derivadas da pandemia, aínda que pendente sempre de novos cambios. O ensino en rede ou semipresencial, que comezamos a empregar durante os últimos cursos, será unha realidade no actual curso e irá consolidándose no futuro. Por iso teremos que afinar e mellorar as nosas estratexias e competencias no manexo seguro e eficaz das TIC no presente curso.

As aulas virtuais e plataformas serviranos tamén para artellar clases, tarefas e avaliacións dos nosos cursos. No caso de que **o ensino sexa en rede ou semipresencial** empregaremos a plataforma corporativa Moodle de aula virtual para desenvolver a nosa actividade didáctica.

No caso de non se manter a presencialidade nas aulas, ademais de empregar como soporte didáctico básico a aula virtual Moodle, empregaremos videoconferencias para substituír as sesións presenciais semanais a través da aplicación corporativa Cisco Webex. Nestas sesións centrarémonos na práctica oral e das actividades vistas na aula virtual.

No ensino das linguas, a metodoloxía é o conxunto de procedementos que se empregan para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. Neste sentido, teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.

- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación.
- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua.
- O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.

O obxectivo principal é a comunicación, utilizaremos o español como lingua vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua. Por outra parte, integraremos dentro das tarefas comunicativas as actividades de lingua de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas, coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as en todas as destrezas da lingua. Ao mesmo tempo, o alumnado debe implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso. O profesorado fomentará o uso de estratexias que potencien a aprendizaxe autónoma e a competencia clave aprender a aprender.

10. RECURSOS

- **Humanos:** O Departamento de Español como Lingua Estranxeira conta durante este curso con tres profesoras, D^a Nancy Casielles Iglesias, que imparte un curso monográfico sobre competencias socioculturais nivel C1, D^a Lara dos Santos Villaverde, que imparte os niveis A2, B2 e un curso monográfico de nivel A1, ademais de coordinar a Elaboración de Probas de

Certificación e as Actividades Culturais, e D^a Vania Rodríguez García, que imparte os niveis B1 e C1 e exerce a xefatura do departamento.

- **Físicos:** O departamento de Español como Lingua Estranxeira ten asignada a aula 1, tanto para a impartición de clases como para sede do departamento.
- **Materiais:** O departamento de Español, por ser de recente creación, aínda conta con recursos limitados, que se irán ampliando en anos sucesivos. As docentes intentarán compaxinar os recursos físicos con recursos dixitais como xogos en liña, aplicacións como wevideo, spreaker, google presentación, muros colaborativos como padlet e plataformas dixitais como edmodo.

Os manuais utilizados son:

- A2:
 - Aula 1, *Curso de español*. Nueva edición (A1). Jaime Corpas et al., Editorial Difusión. 2014 ISBN 978-84-15640-06-6
 - Aula 2, *Curso de español*. Nueva edición (A2). Jaime Corpas et al., Editorial Difusión. 2014 ISBN 978-84-1564-007-3
- B1: *Aula Internacional, Curso de español*. Nueva edición (B1). Jaime Corpas et al., Editorial Difusión. 2018 ISBN 978-84-15640-11-0
- B2: Vitamina B2. Libro del alumno / Vitamina B2. Cuaderno de ejercicios. Eva Casarejos, Mónica López e Berta Sarralde. Sgel, 2022. ISBN: 978-84-1678-296-3/ 978-84-1768-297-0

- *C1: C de C1. Libro del alumno.* ISBN: 9788416273485

C de C1. Cuaderno de ejercicios. ISBN: 9788416657025

Autores: Rosana Acquarini et al. Editorial: Difusión

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O departamento de Español como Lingua Estranxeira procurará proporcionarlle ao alumnado unha educación adecuada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe así como medidas flexibles que se adecúen ás diferenzas individuais na aprendizaxe, na medida en que o permitan os seus recursos.

12. TEMPORALIZACIÓN

Con carácter xeral, os contidos repartiranse ao longo do curso académico. A distribución dos contidos responderá ao establecido polo departamento, aínda que poderá sufrir modificacións se o ritmo da clase así o require, xa que a programación enténdese como un documento flexible.

Os contidos agruparanse en unidades didácticas, que se secuenciarán en sesións ao longo de todo o curso. Deste xeito garántese que as horas de docencia que lle corresponden a cada curso se impartan de maneira efectiva e controlada. Na temporalización tamén se terá en conta a progresión da aprendizaxe, así as unidades con contidos máis complexos contarán con máis tempo cás que sexan de ampliación, repaso ou introdución de contidos menos esixentes.

13. ACTIVIDADES CULTURAIS

Ao longo deste curso realizaranse actividades culturais, que poden incluír viaxes dentro e fóra de Galicia.

Tamén se prevé a asistencia a actos culturais como poden ser sesións de cine, conferencias ou similares, así como visitas a museos, roteiros culturais, etc.